

Nivel: 28.

Código do posto: PR.P09.00.003.15770.010.

Centro directivo: Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Cooperación Exterior.

Localidade: Santiago de Compostela.

Acordo do 27 de xuño de 2003, do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, grupo B, escala técnica de finanzas, polo que se fai público o lugar, a data e a hora de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

De conformidade co previsto na base II.2.4 da Orde do 10 de decembro de 2002, pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo de xestión da Administración da Xunta de Galicia, grupo B, escala técnica de finanzas (DOG nº 245, do 20 de decembro), e por acordo do tribunal designado para a selección dos aspirantes ó ingreso no dito corpo, adoptado na sesión que tivo lugar na data mencionada, faise público o lugar, a data e a hora nos que terá lugar o primeiro exercicio da fase de oposición e convócanse os aspirantes para o próximo día 1 de agosto, venres, ás 17 horas, na aula nova da Facultade de Dereito de Santiago de Compostela.

Os aspirantes deberán comparecer no lugar indicado media hora antes da sinalada para o comezo do exercicio, provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, lapis do nº 2 e goma de borrar.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2003.

José Luis Veiga Castiblánquez
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de xullo de 2003 pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron o procedemento selectivo convocado por Orde do 5 de marzo de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo), para o acceso ó corpo de profesores de música e artes escénicas, quenda de prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas.

De conformidade co disposto na base común 8, punto 4 da orde desta consellería do 11 de marzo de 2003, pola que se convocaba procedemento selectivo de acceso ó corpo de profesores de música e artes escénicas, quenda de prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública no anexo desta orde a relación de aspirantes que superaron o procedemento

selectivo de acceso ó corpo de profesores de música e artes escénicas, quenda de prazas afectadas polo artigo 15 da Lei de medidas.

Segundo.-Os opositores aprobados deberán presentar ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, se non a tivesen presentado xa, a documentación que se relaciona na base común 9 da Orde do 11 de marzo de 2003, no prazo de 20 días naturais contados desde o día seguinte ó da publicación desta orde.

Terceiro.-Os participantes nestes procedementos selectivos poderán retirar a documentación presentada, eles mesmos ou por medio de persoa autorizada, no Servizo de Profesorado de Ensinanza Secundaria, de Formación Profesional e de Réxime Especial desta consellería (San Caetano, Santiago de Compostela), no mes de outubro do presente ano.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2003.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Apelidos e nome	DNI	Puntuac. proba	Puntuac. baremo	Puntuac. total
Tuba				
Galán Cervero, Raúl	73942826	8,2500	4,0000	12,2500
Trompeta				
Sánchez García, Gonzalo	50070574	8,0000	6,4000	14,4000
Clarinete				
San Ramón Calvo, Francisco	20783662	5,3330	5,0000	10,3330
Guitarra				
Evangelista Ventura, José Luis	32746255	7,1670	5,4000	12,5670
Novio López, Valentín	32758161	6,5000	4,2000	10,7000
Piano				
Sastre Canzobre, María Victoria	32748018	9,0000	8,4500	17,4500
Sánchez de Toca Acebal, M ^a Teresa	32576679	6,1670	6,2000	12,3670
Rodríguez García, Rosa María	32346633	5,1670	5,3000	10,4670
Palleiro Mosquera, José Antonio	32412896	5,0000	4,6000	9,6000

CONSELLERÍA DE EMIGRACIÓN

Orde do 9 de xullo de 2003 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Emigración, anunciada pola Orde do 26 de maio de 2003.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Emigración, anunciada por Orde do 26 de maio de 2003 (Diario Oficial de Galicia nº 111, do 10 de xuño, corrección de erros no Diario Oficial de Galicia, nº 115, do 16 de xuño), de conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e nos arti-